

Alumnado en idade de escolarización obrigatoria

Período ordinario de admisión	
Presentación de solicitudes	26 de xuño ás 9:00 horas ao 6 de xullo ás 13.00 horas
Publicación da listaxe provisional de solicitudes	10 de xullo
Reclamación á listaxe provisional de solicitudes	Do 10 ás 9:00 horas ata as 13:00 horas do 12 de xullo
Publicación da listaxe definitiva de solicitudes	24 de xullo
Publicación da adxudicación de prazas	24 de xullo (*)
Matriculación das persoas con praza adxudicada	Desde o 24 de xullo

O alumnado en idade de escolarización obrigatoria para acceder aos ciclos formativos de grao básico terán que cumprir simultaneamente as seguintes condicións:

- Ter feitos 15 anos ou facelos durante o ano natural en curso
- Ter cursado 3ºESO u excepcionalmente ter cursado 2º ESO.
- Ter sido proposto polo equipo docente aos seus responsables a incorporación a un ciclo formativo de grao básico e ter a autorización da Inspección Educativa.

DOCUMENTACIÓN:

- DNI ou NIE
- Certificado de discapacidade, no caso de participar pola reserva para persoas con discapacidades e se de algunha das seguintes situacións:
 - Non autorizan a súa consulta dos datos relativos ao certificado de discapacidade en poder da Administración autonómica de Galicia
 - O órgano que emitiu o certificado non pertence á Administración autonómica de Galicia.
- Anexo III – Consentimento de incorporación á FPB
- Anexo I – Solicitud de admisión e matrícula na FPB; esta solicitude imprimirase no IES e deberá ser asinada polo alumno/a e polo seu pai/nai/representante legal. (**)

(*) Logo de publicada a listaxe do alumnado admitido, os centros de destino comunicaranse con este alumnado para realizar a correspondente matrícula.

(**) *O centro de orixe do alumnado de escolarización obrigatoria proposto para a incorporación a FPB será o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión segundo o modelo do Anexo I indicando 2 ciclos de grao básico por orde de preferencia e outros dos que serán de reserva no caso de non obter praza en ningún dos dous primeiros.*

Un vez feito isto descargarase un resgardo de solicitude que deberá ser asinado polo alumno/a e por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representante legal. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos os proxenitores, agás nos supostos de alumnado afectado por situacións de violencia de xénero ou de que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo a un deles. Neste caso será necesario presentar, a resolución xudicial correspondente para que o centro educativo a cotexe.

OUTRA DOCUMENTACIÓN que aporta o IES

- Anexo II - Consello orientador (elaborado polo titor/a do grupo)
- Anexo IV – Comunicación de incorporación á FPB